

BOLETÍN INFORMATIVO

1ª Carreira de Orientación Concello de Cangas

VII Liga AROMON CHEMASPORT 2018 7ª Proba

Sábado, 16 de xuño de 2018
CANGAS



Información Xeral

Seguimos coa **VII Edición da Liga AROMON Chema-Sport**.

A Liga Local AROMON ChemaSport é unha iniciativa do Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo que ten como obxectivo iniciar no deporte da orientación a todo aquel que o desexe.

Esta sexta proba, será o **sábado 16 de xuño de 2018, a partir das 10:00, no entorno urbano de Cangas**.

Esperámoste!!!

Programa

Presentamos o **programa provisional** desta primeira proba:

- **10:00** - Recepción de participantes.
- **10:15** - Comezo das charlas técnicas (faremos varias ao longo da mañá)
- **10:30** - Primeiras saídas (existirá horario de saída).
- **11:45** - Últimas saídas (non se poderá tomar a saída despois desta hora).
- **13:00** - Peche de meta.
- **13:30** - Resultados e final da actividade.

Modalidades e Categorías

A **MODALIDADE** desta cuarta proba será a **Orientación a Pé**. Os deportistas deberán completar o percorrido sinalado no mapa, que a organización entregará na saída, no menor tempo, sen fallos e coa única axuda dun compás.

CATEGORIAS:

- **Iniciación nenos**, categoría pensada para os nenos cun nivel de esixencia física e técnica baixo. Se son menores de 10 anos, recomendamos que a fagan acompañados dun adulto. Se son de 10 ou máis anos, poden ir en grupo ou sós.
- **Iniciación adultos**, categoría pensada para os adultos (e nenos con experiencia) cun nivel de esixencia físico e técnico medio pero adaptado a persoas adultas.
- **Avanzado**, categoría pensada para nenos e adultos con experiencia en competición cun nivel de esixencia físico e técnico máis alto (só poderán inscribirse nesta categoría persoas federadas en orientación).

Percorridos:

PERCORRIDO	TEMPO ESTIMADO GANADOR	Nº CONTROIS	DISTANCIA	DESNIVEL
INICIACIÓN NENOS	35'	INFORMACIÓN PUBLICADA NO 2º BOLETÍN		
INICIACIÓN ADULTOS	45'			
AVANZADO	45'			

Localidade: Cangas

Escalas: 1:5000

Equidistancia: 5 m

Descrición do terreo: Terreo urbán con grande rede de rúas, posibilitando a elección de ruta e a combinación de pequenos tramos coma de outros de longa distancia. Desnivel moderado.

Lugar e cómo chegar

Cangas

<https://goo.gl/maps/1ssbhfQePFw>

Inscripcións

A inscrición na proba poderá realizarse:

- Na **oficina do club** (mércores, xoves e venres, de 21 a 22hs) - Plaza Curros Enríquez s/n
- Cubrindo o seguinte **formulario online**:
<https://goo.gl/W5ZDwY>
- Se tes algún problema na inscrición, ou consulta, ponte en contacto conosco: lachs@aromon.es
- **Existirá un límite de prazas: 200** (si se cubriren priorizarase por orde de inscrición, e crearíase unha lista de agarda)

i En todos os casos o prazo de inscrición remata o martes 12 de xuño ás 22:00 horas !

Prezos e formas de pago

Socio do club Federado FEDO (AROMON)	0 €
Federado FEDO de 15 anos ou menos	0 €
Nenos de 15 anos ou menos (non federados)	2 €
Socio do club NON Federado FEDO	4 €
Federado FEDO non socio do club (>15 anos) (Percorrido AVANZADO)	8 €
NON socio de 16 anos ou máis	6 €

Para formalizar a inscrición e reservar praza, poderá ingresar o importe da cuota correspondente na conta nº **ES08 2080 5403 40 3040118709** de ABANCA indicando o **nome da persoa ou persoas inscritas**, e enviar o xustificante por email á conta lachs@aromon.es.

NON se poderá pagar no secretariado o día da proba.

Información básica e de seguridade

1. Debes **presentarte na Secretaría** ao chegar para comprobar os datos de inscrición e recoller a pinza SportIdent.
2. Na saída recorda: **limpar e comprobar** a pinza SportIdent, é a túa responsabilidade.
3. Existirán **horarios de saída establecidos**.
4. É **obligatorio pasar por meta e efectuar a descarga da tarxeta Sportident**, aínda que se produza o abandono, para que éste feito conste á organización.
5. Para a realización do percorrido, o competidor pode contar coa axuda dun **compás**, ademáis do **mapa aportado pola organización**.
6. Recorda devolver o material prestado.
7. É recomendable levar roupa deportiva cómoda e unha muda de reposto. Non existen duchas nin vestiarios na zona de competición.
8. As competicións de orientación baséanse no **RESPECTO**:
 - a. Á natureza
 - b. Aos cultivos e propiedades privadas
 - c. Aos outros competidores
 - d. Ás indicacións do persoal da organización.

¡DEBERASE OFRECER AXUDA A CALQUERA PARTICIPANTE MANCADO!

Patrocinadores e Colaboradores



Concello de Cangas
Concellaría de Ensino e Deporte



**HOTEL AVENIDA
PONTEVEDRA**



*Casino Mercantil e Industrial
Pontevedra*